# GUÍA DE MIGRACIÓN DE CURSOS PARA PLATEGA2

Platega vén de actualizarse da versión de Moodle 1.8.6 á 2.6. Como a exportación e importación de cursos entre estas dúas versións non é 100% compatible, esta guía busca ser unha axuda para o proceso de migración.

Se vostede quere mover un curso de Platega1 (http://www.edu.xunta.es/platega) a Platega2 (http://www.edu.xunta.es/platega2). Debe seguir os seguintes pasos na realización das copias de seguridade.

## Realización da copia de seguridade e restauración.

Para que a copia de seguridade realizada na versión 1.8.6 non de erros ao restaurala na versión 2.6 e preciso realizada do seguinte xeito:

No proceso de realización da copia de seguridade no formulario de selección de elementos deshabilitamos os cuestionarios:




No proceso de restauración da copia de seguridade é preciso deshabilitar algún elemento para que a restauración non sexa completa e non dea erro.

Pódese deshabilitar un foro ou unha etiqueta que logo sexa sinxelo voltar a crear:



ou




## Táboa de equivalencia entre versións dos módulos de actividade

En primeiro lugar, establécese unha táboa de correspondecias entre os módulos e actividades de cada versión, xa que algúns non van estar dispoñibles na nova plataforma ou para actualizarse requiren dun traballo adicional.

| nº | | 1.8.6 | | 2.6 | 1.8.6 / 2.6 | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 56352 | | Recurso | | Ficheiro | resource | ok | |
| 39138 | | Etiqueta | | Etiqueta | label | ok | |
| 17494 | | Foro | | Foro | forum | ok | |
| 11176 | | Tarefa | | Tarefa (2.2) | assignment | | Logo da exportación cómpre lanzar o "Axudante de anovación de tarefa". |
| 11038 | | Cuestionario | | Proba | quiz | | Hai que deshabilitalos para que non dean erro as resturacións. Pódense importar/exportar as preguntas de xeito independente ao backup do curso. |
| 6263 | | SCORM/AICC | | Paquete SCORM | scorm | ok | |
| 1074 | | Glosario | | Glosario | glossary | | Hai que exportar/importar as entradas do glosario despois de facer a restauración. |
| 1086 | | Chat | | Conversa | chat | ok | |
| 345 | | Base de datos | | Base de datos | data | ok | |
| 305 | | Manual | | --- | manual / - | | Non dispoñible. |
| 103 | | Wiki | | Wiki | wiki | | Non permite a |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | exportación/importación. |
| 77 | | Consulta aberta | | Comentarios | feedback | | Hai que importar/exportar as preguntas de xeito independente ao backup do curso. |
| 66 | | Escolla | | Escolla | choice | ok | |
| 33 | | Galería de Imaxes | | --- | lightboxgallery / - | | Non dispoñible. |
| 26 | | CMLAmails | | --- | cmlamails | | Non dispoñible. |
| 26 | | Enquisa | | Enquisa | survey | ok | |
| 20 | | Webques | | --- | Webquest / - | | Non dispoñible. |
| 15 | | Taller | | Taller | workshop | | Non permite a exportación. |
| 13 | | Diario | | Journal | journal | ok | |
| 11 | | JClic | | JClic | jclic | ok | |
| 7 | | Lección | | Lección | lesson | ok | |
| 6 | | Exame Hot Potatoes | | Exame Hot Potatoes | hotpot | ok | |
| 5 | | Podcast | | podcast | podcast / pcast | | Non permite a exportación, módulos distintos |
| 2 | | Documento multimedia | | --- | inwicast / - | | Non dispoñible. |

# Recomendacións de importación por tarefa

A continuación veremos polo miúdo os pasos a dar para cada tipo de recurso ou actividade.

| Tarefa | Tarefa (2.2) |
|---|---|

Moodle 2.6 contén un asistente, *Axudante de anovación de tarefa*, para convertir as tarefas antigas a versión 2.2.
Unha vez que o curso sexa restaurado hai que solicitar ao administrador da plataforma

que execute dito asistente para realizar a anovación.

*Nota: Non hai posibilidade de asignar permisos para que esa tarefa a fagan outros usuarios.*

| **Cuestionario** | **Proba** |
|---|---|

Para que a restauración na verisón 2.6 dun curso exportado na verisón 1.8.6 non dea erro, é preciso deshabilitar este módulo tal e como se indica en "Realización da copia de seguridade e restauración".
Pódense exportar as preguntas de platega1 e importalas en un cuestionario novo de platega2.




En platega2 importanse dende a opción "importar" de Banco de preguntas do menú "*Administración da proba*".




| Glosario | Glosario |
|---|---|

As copias de seguridade feitas en platega1 non inclúen os termos do glosario.

Para cada glosario pódense exportar os seus termos en platega1 e importalos en platega2 ao glosario do curso restaurado.

Exportación:



Importación:




| Consulta aberta | Comentarios |
|---|---|

Neste caso o proceso de restauración non da erro, pero dependendo do tipo de pregunta pode ser que non sexa compatible co novo contorno, quedando a páxina de preguntas inestable (quédase en branco no punto onde aparecen as preguntas).

Se pasa esto é preciso realizar a exportación e importación. No proceso de importación compre seleccionar a opción “Eliminar os elementos antigos”.

Exportación:



Importación:

